

ELISA Y MARCELA

Isabel Coixet, 2019

530

ESTREA EN NUMAX: 24.05.2019 | V.O. | +12

Elisa y Marcela (2019, 129')

Dirección: Isabel Coixet

Guión: Isabel Coixet, Narciso de Gabriel

Elenco: Natalia de Molina, Greta Fernández, Sara Casasnovas, Tamar Novas, María Pujalte, Francesc Orella, Lluís Homar, Jorge Suquet, Manolo Solo, Milo Taboada, Manuel Lourenzo

Son: Daniel de Zayas

Montaxe: Bernat Aragonés

Dirección de arte: Gina Bernadó Muntané

Vestuario: Daniel de Zayas

Música: Sofia Oriana Infante

Fotografía: Jennifer Cox

Produtoras: Rodar y Rodar, Netflix España, Lanube Películas, Zenit, TV3 (España)

Distribuidora: Netflix España

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlín 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La librería, 2017

Nadie quiere la noche, 2015

Aprendiendo a conducir, 2014

Ayer no termina nunca, 2013

Elegy, 2008

La vida secreta de las palabras, 2005

Mi vida sin mí, 2003

Cosas que nunca te dije, 1996

SINOPSE

En 1885, Elisa e Marcela coñécense na escola onde traballan. O que comeza como unha grande amizade termina nunha relación amorosa que teñen que vivir ás agachadas. Os pais de Marcela sospeitan desta relación e envíanna ao estranxeiro uns anos. Á súa volta, o reencontro con Elisa é máxico e deciden ter unha vida en común. Ante a presión social e as faladurías, ambas deciden trazar un plan: Elisa abandonará un tempo o pobo para volver convertida en Mario e poder casar con Marcela, pero non todo ha ser tan doado para este amor non recoñecido.

«Romance, thriller e unha boa dose de erotismo garanten dúas horas de intensidade narrativa asegurada»

Mariona Borrull, FOTOGRAMAS



Resistencia fronte ao obvio

Por Luis Martínez

Ás veces é tan importante ou máis que saber a onde se vai ter claro de que se foxe. Desde que en 2013 Isabel Coixet retomara a dirección tras unha pausa incerta, a súa filmografía presenciou un plan de viaxe de alto risco. Impulsivo e pletórico. Non parou. Nos últimos anos, con boa ou mellor fortuna ensaiou desde a comedia (*Aprendiendo a conducir*, 2014), ao thriller psicolóxico (*Mi otro yo*, 2013), pasando polo cinema de guerrilla (*Ayer no termina nunca*, 2013), a aventura polar (*Nadie quiere la noche*, 2015) ou adaptacións de prestixio tan precisas como *La librería* (2017). Todo iso sen renunciar a experimentos de difícil clasificación como *Spain in a Day* (2016).

Diríase que máis que un proceso de busca, o seu é un ataque de pánico. Ou de simple fuxida. Pero sempre tan perfectamente consciente dos riscos e os saltos ao baleiro que non queda outra que renderse. Onde outros se conforman con cómodas fórmulas de éxito, ela xoga a facerse un lío. *Elisa y Marcela* semella un regreso á orixe, aos traballos que definiron a súa voz. Agora trátase de buscar na densidade do recóndito, do profundo, do inclasificábel. Cineasta da intimidade válelle como definición e marca. E, por tanto, xusto é que foxa dela.

Elisa y Marcela acerta cando se detén na mirada e o silencio das dúas protagonistas. Aí, a directora recupera boa parte do que é seu, do que a distingue e a fai grande. Por momentos, o filme é unha fita de resistencia fronte ao obvio, de cuestionamento de cada lugar común, de linguaxe sen definicións do que quere e debe ser. (...) A tensión do risco fica intacta. Coixet entretense en rastrexar abismos tanto cando se afasta de si mesma como cando regresa ao seu ser. Até para definir onde quere volver, antes sinala todo aquilo do que foxe. Irregular pero sincera e vital. E así.

Publicado en elmundo.es

A coraxe de dúas mulleres plenamente apoderadas

Por Mariona Borrull

Isabel Coixet é desas figuras que non pasan desapercibidas alí onde vai e que, a cada estrea que presenta, polariza o espectro da crítica especializada. Pero algo que ninguén pode rebater á directora catalá é a súa declarada postura feminista e a súa constante loita para facer visíbeis as dificultades que aínda hoxe en día

atopan as mulleres que traballan no sector. É polo tanto moi coherente, ou mesmo inevitábel, que Coixet decidise apostar por unha historia de dúas mulleres que non deixaron de amarse pese a todo. «Quero saber das mulleres que viñeron antes», murmura unha voz feminina ao inicio da fita, «porque precisamos coñecer a fortaleza daquelas que nos antecederon para sermos fortes nos outras tamén. Debemos emprender unha viaxe ao corazón da Historia para encontrar as nosas raíces e non cometer os mesmos erros que os nosos avós». Desde o minuto un, Isabel Coixet (coguionista, xunto a Narciso de Gabriel) ten moi claro que a súa busca debe pasar necesariamente por unha implicación emocional máis ca intelectual, e por iso aposta na súa formulación narrativa por un formato tan popular como o folletín. Romance, thriller e unha boa dose de erotismo (con polbos de por medio, na honra da terra galega) garanten dúas horas de intensidade narrativa. Iso, sen falar dos nomes que integran un reparto estelar. Tanto Greta Fernández como Natalia de Molina conseguen embarcarnos nunha viaxe emocional tan sincera como turbulenta, que nos leva da tenra timidez adolescente á coraxe propia de dúas mulleres adultas, plenamente empoderadas. Unha é máis calada, a outra máis riquiña e impulsiva, pero cando están xuntas a química entre elas vólvese case palpábel.

Publicado en www.fotogramas.es
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La librería, Isabel Coixet
A Contracorriente Films [BR+DVD+BSO]
Aprendiendo a conducir, Isabel Coixet
Karma [DVD]
Nadie quiere la noche, Isabel Coixet
Warner [DVD]
Spain in a Day, Isabel Coixet
Karma [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?

Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax